



Asistentes:

- D. Gaspar Pérez Carnero (Presidente).
- D. Angel Fco. Vilas Fernandez (Vicepresidente 1º)
- Dª Raquel Calleja Modia (Secretaria).
- D. Antonio Espiñeira Cajaraville (Tesoureiro)
- D. Óscar Bruno De Prado Rodríguez (Vogal)
- D. Jose María Dorado Reboredo (Vogal)
- D. Francisco Javier García Veiras (Vogal)
- D. Walter López Rodríguez (Vogal)
- D. Francisco Javier Ogando González (Vogal)
- D. Jesus Rodriguez Perez (Vogal).

En Padrón, ás 17:30 horas do 07 de Xuño de 2024, e coa asistencia dos membros mencionados na marxe, celébrase xuntanza da xunta directiva da Federación Galega de Xadrez, coa seguinte

Orde do día:

1. Memoria Deportiva tempada 2023.
2. Memoria económica tempada 2023.
3. Proxecto e calendario deportivo da tempada 2025.
4. Orzamento da tempada 2025.
5. Convocatoria AXO 2024.
6. Outros asuntos e propostas.

Entregada toda a documentación relativa a esta reunión, iniciase a mesma seguindo os puntos da orde do día.

1. Memoria Deportiva tempada 2023.

Pregúntase aos asistentes se teñen alguna dúbida ao respecto.

Non habendo ninguna cuestión ao respecto, apróbase para presentala á Comisión Delegada.

2. Memoria económica tempada 2023.

Tras a revisión da mesma e atopar varios erros tipográficos, correxíranse e levarase á Asemblea para a súa aprobación.

3. Proxecto e calendario deportivo da tempada 2025.

Calendario Deportivo 2025: o comezo da Liga terá lugar o 01/02/2025 e a derradeira rolda (11ª) será o 03 de Maio de 2024 tendo descanso no Entroido 2025 (do 01 ao 04/03/2025) e en Semana Santa (do 12 ao 19/04/2025).

O Campionato Galego por equipos de Club 2025 terá lugar o 24 e 25 de Maio de 2025 e os Campionatos Individuais Lóstrego e Rápidos o 31/05 e 01/06/2025.

Proxecto Deportivo 2025: non habendo dúbidas, pásase ao seguinte punto.

Non habendo dúbidas apróbanse para a súa presentación á Comisión Delegada.

4. Orzamento da tempada 2025.

Preséntase aos asistentes o Orzamento do 2025 baseado no Proxecto Deportivo 2025.

D. Francisco Javier García Veiras informa que na última Asemblea creouse a categoría de Preferente 2025 pero en ningún momento concretouse a cota de afiliación dos equipos desa categoría.

Por unanimidade determínase unha cota de 115,00 €/equipo.

Non habendo ninguna pregunta máis, apróbase para presentalo á Comisión Delegada.

5. Convocatoria AXO 2024.

Solicítase rectificar a orde do día da Asemblea Ordinaria ampliando os puntos a tratar:

- 1.- Acta da Asemblea anterior. Aprobación, se procede.
- 2.- Memoria Deportiva 2023. Aprobación, se procede.
- 3.- Contas anuais 2023. Aprobación, se procede.
- 4.- Proxecto Deportivo da tempada 2025. Aprobación, se procede.
- 5.- Calendario deportivo da tempada 2025. Aprobación, se procede.
- 6.- Orzamento da tempada 2025. Aprobación, se procede.
- 7.- **Modificación Regulamento Xeral de Competicións. Aprobación, se procede.**
- 8.- **Cotas Federativas 2025. Aprobación se procede.**
- 9.- Rogos e preguntas.

Non habendo ninguna petición máis, apróbase para presentalo á Comisión Delegada.



6. Outros asuntos e propostas.

Asunto 1.-

D. Francisco Javier Ogando González propón que nos Campionatos Galegos por equipos de Club se limiten a 6 xogadores inscritos por equipo e obrígalos a confirmar os xogadores participantes antes do comezo do Campionato para no desvirtuar a competición.

Para a modalidade de Blitz (Lóstrego) solicítase que non sexa valedeiro para elo Fide e para a modalidade de rápidas solicítase a mesma limitación máxima de xogadores e mantelo valedeiro para elo Fide.

Asunto 2.-

Outro asunto que se presenta é a actualización do Regulamento Xeral de Competicións (Anexo -).

Asunto 3.-

O pasado 03 de Xaneiro de 2024 recibíuse unha carta de varios alumnos participantes no último curso semipresencial de Árbitro Autonómico e de Base 2023 onde solicitábase a celebración dunha "repesca" para todos aqueles alumnos que non conseguiron superar algunhas das partes requeridas. Tralo estudio desta solicitude apróbase realizar unha convocatoria extraordinaria en Vigo con coste de 30,00 €/alumno aos que realizaron dito curso e de 100,00 €/alumno para aqueles que se queiran presentar por libre.

Solicítase un mínimo de 10 personas e un máximo de 20.

Asunto 4.-

Recibíuse por parte do Club Xadrez As Burgas un proxecto explicativo das actividades Copa Deputación 2024 xa que a Diputación de Ourense solicita un certificado de delegación da Federación Galega de Xadrez, neste caso, para poder organizar a mencionada competición.

A Copa Deputación non existe, se se realizase será unha competición en sistema de xogo de Copa e non un cómputo de torneos para rapaces.

Informar que o Clube Deportivo Xadrez Ourense informou á FEGAXA dun documento que D^a. Julia Arcos (Presidenta do Club Xadrez As Burgas) enviou a os clubes de Ourense solicitándolles o apoio preciso para organizar a Copa Diputación Ourense 2024.

Según fixeron constar o Clube Deportivo Xadrez Ourense e o Xadrez Benchoshey que non están dacordo cá solicitude e que solicitan á FEGAXA a no avalar la organización desta competición ao Club Xadrez As Burgas.

Tendo a documentación os asistentes (tanto o proxecto como o escrito remitido polo Xadrez Ourense e Xadrez Benchoshey) os asistentes, por unanimidade, REXEITAN avalar a organización da Copa Diputación por parte do Club Xadrez As Burgas.

Ao non haber máis asuntos e propostas que tratar, levántase a sesión ás 18:32 horas.

Vº e prace:

D^a Raquel Calleja Modia
Secretaría FEGAXA

D. Gaspar Pérez Carnero
Presidente FEGAXA



Asistentes:

- D. Gaspar Pérez Carnero (Presidente).
- D. Angel Fco. Vilas Fernandez (Vicepresidente 1º)
- Dª Raquel Calleja Modia (Secretaria).
- D. Antonio Espiñeira Cajaraville (Tesoureiro)
- D. Óscar Bruno De Prado Rodríguez (Vogal)
- D. Jose María Dorado Reboredo (Vogal)
- D. Walter López Rodríguez (Vogal)
- D. Miguel Reboredo Otero (Vogal)
- D. Jesus Rodriguez Perez (Vogal).

En Padrón, ás 17:00 horas do 22 de Novembro de 2024, e coa asistencia dos membros mencionados na marxe, celébrase xuntanza da xunta directiva da Federación Galega de Xadrez, coa seguinte

Orde do día:

1. Lectura do acta anterior. Aprobación, se procede.
2. Campionatos Provinciais 2025.
3. Creación do artigo 61 BIS correspondente ao Título VII do regulamento Xeral de Competicións.
4. Actualización dos trofeos e premios dos Campionatos Galegos.
5. Outros asuntos e propostas.

Entregada toda a documentación relativa a esta reunión, iníciase a mesma seguindo os puntos da orde do día.

1. Lectura do acta anterior. Aprobación, se procede.

Pregúntase se hai algunha dúbida ou cuestión con respecto á acta anterior. Sendo conformes coa mesma, aprobase por unanimidade.

2. Campionatos Provinciais 2025.

Debido as diversas propostas recibidas para organizar algún dos Campionatos Provinciais 2025, trátase a adxudicación da organización dos memos.

- Para os provinciais de A Coruña, preséntanse as seguintes candidaturas:
 - A Escola Ferrolá de Xadrez solicita organizar todas as categorías.
 - O C. D. Marquiño solicita organizar todas as categorías.

Habendo representantes de ambas entidades chegan a un acordo de organización:

A Escola Ferrolá organizará as categorías Sub-12 e Sub-16 e o resto organizaríanas o CD Marquiño (Sub-08, Sub-10, Sub-14, Sub-18 e Absoluta).

- Para a organización dos Campionatos Provinciais de Lugo só se recibiu a candidatura da Escola Luguesa para organizar todas as categorías, polo que se concede por unanimidade.
- Para os provinciais de Ourense recíbense as seguintes candidaturas:
 - Club Deportivo Xadrez Ourense solicitan organizar da Sub-08 a Sub-18 (ambas incluídas) quedando a categoría absoluta sen organizar.

Proponse falar có CD Xadrez Ourense por se estivera interesado e, se non, buscaríase algunha entidade de Ourense para que colabore na organización da categoría absoluta en canto ao local de xogo. Os trofeos, arbitraje, etc sería a FEGAXA quen correría con todos os gastos.

- Para a organización dos Campionatos Provinciais de Pontevedra só se recibiu a candidatura do Club Xadrez Fontecarmoa para organizar todas as categorías, polo que se lle concede por unanimidade.

3. Creación do artigo 61 BIS correspondente ao Título VII do regulamento Xeral de Competicións.

Trala reunión mantida no 2024 cós organizadores pertencentes ao Circuito Internacional propúxose realizar un Circuito Internacional semellante ao Circuito Catalán con torneos modalidade Standard e modalidade de rápidas.

Para elo redactouse un artigo 61 BIS cás regulacións e características que deberán cumprir os torneos solicitantes.

Realízanse unha serie de modificacións que levaranse ante a Comisión Delegada para a súa aprobación.



4. Actualización dos trofeos e premios dos Campionatos Galegos.

Proponse reducir o número de trofeos e medallas nos Campionatos Galegos Individuais Lóstrego e Rápidas.

A proposta que se presentará á Comisión Delegada para a súa aprobación é:

Cto. Individual Lóstrego

POSTO	PREMIO
1º Clasificado	Premio metálico + Trofeo
2º Clasificado	Premio metálico + Trofeo
3º Clasificado	Premio metálico + Trofeo
4º Clasificado	Premio metálico + Medalla
5º Clasificado	Premio metálico + Medalla
6º Clasificado	Premio Metálico
7º Clasificado	Premio Metálico
8º Clasificado	Premio Metálico

Cto. Individual Rápidas

POSTO	PREMIO
1º Clasificado	Premio metálico + Trofeo
2º Clasificado	Premio metálico + Trofeo
3º Clasificado	Premio metálico + Trofeo
4º Clasificado	Premio metálico + Medalla
5º Clasificado	Premio metálico + Medalla
6º Clasificado	Premio Metálico
7º Clasificado	Premio Metálico
8º Clasificado	Premio Metálico

5. Outros asuntos e propostas.

Asunto 1.-

D. Manuel Enrique Outerelo Ucha solicita vía e-mail o cambio de datas de celebración do torneo Hotel CEMAR (pertencente ao Circuito Internacional) do 29/06 ao 06/07/2025.

Asunto 2.-

No calendario deportivo 2024 atopouse unha pequena errata xa que no apartado das datas de celebración da Liga Galega por equipos de Club, onde estipúlase o ritmo de xogo das diferentes categorías, non aparece a nova categoría Preferente que xogaríase a 90'+30"/xogada – **Anexo I**

Asunto 3.-

D. Jose María Dorado Reboredo lembra o acordado na reunión da Xunta Directiva do 05/10/2023: "Na Liga 2024, se houbera renuncias para xogar a Liga 2025 dos 20 equipos con dereito a facelo de Terceira División, esa/s praza/s de ascenso non se transmitirían a ningún outro equipo; xogando a Liga 2025 en Segunda División con menos equipos dos estipulados. Trataríase con ascensos nas seguintes tempadas en regular a situación para, finalmente, acabar xogándose a Segunda División novamente con 12 equipos todos os grupos."

Ao non haber máis asuntos e propostas que tratar, levántase a sesión ás 17:29 horas.

Vº e prace:

Dª Raquel Calleja Modia
Secretaria FEGAXA



D. Gaspar Pérez Carnero
Presidente FEGAXA

Anexo I - CALENDARIO DEPORTIVO TEMPADA 2024

FEDERACION GALEGA DE XADREZ

CAMPIONATOS PROVINCIAIS :

CATEGORIA	RITMO MÍNIMO	DATAS:	CATEGORIA	RITMO MÍNIMO	DATAS:
Absoluto	1 hora por xogador	Entre : 06/01/2024 e o 04/02/2024	Sub-14	45 minutos por xogador	Entre : 06/01/2024 e o 04/02/2024
Sub-18	1 hora por xogador		Sub-12	30 minutos por xogador	
Sub-16	45 minutos por xogador		Sub-8 / 10	30 minutos por xogador	

CAMPIONATOS GALEGOS :

CAMPIONATO GALEGO SUB-8	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	12:00 h.	10/02/2024	Sábado
30 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	3ª rolda	16:00 h.	4ª rolda	18:30 h.	10/02/2024	Sábado
	5ª rolda	10:00 h.	6ª rolda	12:00 h.	11/02/2024	Domingo
	7ª rolda	16:00 h.	8ª rolda	18:30 h.	11/02/2024	Domingo

CAMPIONATO GALEGO SUB-14 E SUB-18	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	17:00 h.	10/02/2024	Sábado
1 h. 30 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	3ª rolda	10:00 h.	4ª rolda	17:00 h.	11/02/2024	Domingo
	5ª rolda	10:00 h.	6ª rolda	17:00 h.	12/02/2024	Luns
	7ª rolda	09:30 h.	8ª rolda	16:00 h.	13/02/2024	Martes

CAMPIONATO GALEGO SUB-10	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	16:00 h.	23/03/2024	Sábado
60 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	3ª rolda	18:30 h.			23/03/2024	Sábado
	4ª rolda	10:00 h.	5ª rolda	16:00 h.	24/03/2024	Domingo
	6ª rolda	18:30 h.			24/03/2024	Domingo
	7ª rolda	10:00 h.	8ª rolda	16:00 h.	25/03/2024	Luns

CAMPIONATO GALEGO SUB-12	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	16:00 h.	23/03/2024	Sábado
60 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	3ª rolda	18:30 h.			23/03/2024	Sábado
	4ª rolda	10:00 h.	5ª rolda	16:00 h.	24/03/2024	Domingo
	6ª rolda	18:30 h.			24/03/2024	Domingo
	7ª rolda	10:00 h.	8ª rolda	16:00 h.	25/03/2024	Luns

CAMPIONATO GALEGO SUB-16	1ª rolda	10:00 h.	2ª rolda	17:00 h.	23/03/2024	Sábado
1 h. 30 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	3ª rolda	10:00 h.	4ª rolda	17:00 h.	24/03/2024	Domingo
	5ª rolda	10:00 h.	6ª rolda	17:00 h.	25/03/2024	Luns
	7ª rolda	09:30 h.	8ª rolda	16:00 h.	26/03/2024	Martes

CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO, FEMININO, VETERANOS	1ª rolda	10:00 h.	28/03/2024	Xoves
1 h. 30 min. + 30 seg. / mov. por xogador/a.	2ª rolda	17:00 h.	28/03/2024	Xoves
	3ª rolda	10:00 h.	29/03/2024	Venres
	4ª rolda	17:00 h.	29/03/2024	Venres
	5ª rolda	10:00 h.	30/03/2024	Sábado
	6ª rolda	17:00 h.	30/03/2024	Sábado
	7ª rolda	09:30 h.	31/03/2024	Domingo
	8ª rolda	16:00 h.	31/03/2024	Domingo
Posibilidade de aumentar/suprimir algunha rolda según nº de inscritos.				
Si o nº de inscritos nos campionatos feminino e veterano non e igual ou superior a 20, xogarán integrados no campionato absoluto.				

LIGA GALEGA POR EQUIPOS:

90 min. + 30 seg/xogada en División de Honra, Preferente, 1ª División e 2ª División. 3ª División xogarán 60' + 30"/xogada Descanso do 23/03/24 ao 30/03/24 (Semana Santa)	ROLDAS	DATAS	Hora comenzo: 17:00 h.-	ROLDAS	DATAS
	1ª	17/02/2024		7ª	13/04/2024
	2ª	24/02/2024		8ª	20/04/2024
	3ª	02/03/2024		9ª	27/04/2024
	4ª	09/03/2024		10ª	04/05/2024
	5ª	16/03/2024		11	11/05/2024
	6ª	06/04/2024			

CAMPIONATO GALEGO POR EQUIPOS DE CLUB	25 e 26 Maio 2024	Blitz / Rápido
--	-------------------	----------------

CAMPIONATOS GALEGOS LÓSTREGO e RAPIDAS: 01 e 02 Xuño 2024.

XXXIV CIRCUITO INTERNACIONAL GALEGO DE XADREZ: Meses de xuño a setembro.

XVI CIRCUITO GALEGO DE PROMOCIÓN: Meses de maio a novembro.